

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



«La Tabua, Zarza de Montánchez», Cristina García Rodero (1985)

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	3
CONGRESOS E SEMINARIOS	5
CONVOCATORIAS	5
SUXESTIÓNS	6
RECURSOS.....	9
NOVAS DO DUVI.....;¡ERROR! MARCADOR NO DEFINIDO.	
NOVAS.....	11
DATOS.....	13
FERRAMENTAS DE IGUALDADE	14

MAIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
18	29	30	1 Festa do Traballo	2	3	4	5
19	6	7	8	9	10	11	12
20	13	14	15	16	17* Día Internacional contra a Homoles- bobiuransfobia	18	19
21	20	21	22	23	24 Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme	25	26
22	27	28 Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres	29	30	31	1	2

AXENDA

30 de abril. Entrevista a Djaili Amadou Amal. No Salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución de 16:00 a 17:30 h Actividade do programa de Axudas docentes en materia de xénero 2024 da Unidade de Igualdade.



30 de abril. Sesión formativa **A universidade, espazo libre de violencias machistas?** En formato virtual sincrónico, a través do Campus Remoto, de 16:00 a 19:00 h Inscripción a través de Bubela. Financiado con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

FORMACIÓN

Taller formativo A necesidade da linguaxe inclusiva para axudar a construír unha nova sociedade [+Info](#)

8 e 15 de maio en formato híbrido, en streamin e na cidade de Ourense. Inscricións ata o 7 de maio.

Seminarios online de Inluc2 Para Construír para a prevención do racismo, a xenofobia e os delitos de odio. (ES) [+Info](#)

Programa de actividades da casa das mulleres para o período: abril-xuño. (GAL) [+Info](#)

Convocatoria de becas de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller. (ES) [+Info](#)

A educación das mulleres en España (da Hispania Romana á Ilustración). (ES) [+Info](#)

Seminario Geypo de xénero e política. (EN/ES) [+Info](#)

Curso «Políticas públicas de igualdade» da Escola Feminista Celia Amorós. (ES) [+Info](#)

Máster online de formación permanente en prevención, detección e intervención de la Violencia Sexual desde una perspectiva interdisciplinar. (ES) [+Info](#)

Repertorio de cursos para dominar ferramentas dixitais. (ES) [+Info](#)

Capacitación en xénero de ONU Mulleres [+Info](#)

Oferta de cursos en liña para facer cadaquén ao teu ritmo en español, inglés, francés e árabe.

Saúde internacional das mulleres e dereitos humanos (EN) [+Info](#)

***Gender Analytics*: Equidade de xénero a través da especialización en deseño inclusivo** (EN) [+Info](#)

Visualización do traballo das mulleres: empregando medios artísticos para a xustiza social (EN) [+Info](#)

IV Ciclo de Seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdad (ES) [+Info](#)

Tecnoloxías para cambiar o mundo. Hackfeminismos, redes sociais e tecnopolíticas contra o capitalismo [+Info](#)

Os contidos das sesións están dispoñibles en acceso libre a través de arquivos de audio.

CONGRESOS E SEMINARIOS

I Congreso Internacional «mulleres, tecnoloxía e poder». (EN) [+Info](#)

I Congreso Internacional sobre Xenealoxías Feministas do Cómic. [+Info](#)
7 e 8 de maio na USC.

XVII Encuentro de las Unidades de Igualdad RUIGEU 2024 [+Info](#)
23 e 24 de maio

IV Congreso Mundial pola Abolição da Prostitución. [+Info](#)
Do 1 ao 3 de xuño en Montreal (Canadá).

I Congreso Feminismos e Humor: Humor-sofías [+Info](#)
Celebrarase os días 7 e 8 de maio de 2024 na Facultade de Filoloxía da USC.

European Conference on Politics and Gender: Avanzando cara a unha ciencia política feminista antirracista en Europa [+Info](#)
Organizada por Advancing Political Science, o European Consortium for Political Research na Ghent University do 8 ao 10 de xullo de 2024.

IV Congreso internacional CreadorAS na educación literaria e intercultural (CICELI) [+Info](#)
Do 11 ao 13 de xullo en Alacante.

CONVOCATORIAS

Convocatoria de becas de formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre la mujer para o período 2024-2025. (ES) [+Info](#)

Vacante na Universidade de Surrey como investigadora sobre a saúde das mulleres na contorna laboral. (EN) [+Info](#)

Bases do premio Vanguardia da ciencia 2024 para investigación publicadas por mulleres. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos para o V Encontro da GeFam (Sociedade de Familia e economía de Xénero). (EN/PT) [+Info](#)

Convocatoria para o V Congreso Internacional do ICCA. Grupo de traballo GT. 4: Administracións públicas en clave de xénero. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos en castelán, portugués, francés ou inglés para *ex æquo*–Revista da Associação Portuguesa de Estudos sobre as Mulheres. (PT) [+Info](#)

Chamada de achegas. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de artigos para o 5º encontro da Sociedade de Economía de Xénero e Familia. (EN) [+Info](#)

Chamada a achegas. Homes, masculinidades e igualdade de xénero: investigacións interdisciplinares. Revista *Asparkía*. (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas para previr e combatir a violència de xénero e a violencia contra a infancia dentro do Programa Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV). (EN) [+Info](#)

Recepción de artigos para *iQual. Revista de Xénero e Igualdade* (ES) [+Info](#)

Convocatoria de propostas de investigación para monográfico sobre a ensinanza de linguas e literaturas a través dunha perspectiva de xénero. Ambigua: revista de Investigacións sobre Xénero e Estudos Culturais (ES) [+Info](#)

SUXESTIÓNS

O 9 de abril de 2024, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos deu a razón á **Asociación Suíza de Mulleres Maires polo Clima** ao determinar que o seu país non actuara «de maneira oportuna e axeitada para concibir, redactar e aplicar a lexislación e as medidas pertinentes» para cumprir co Acordo de París contra o cambio climático. As integrantes, cunha longa traxectoria no activismo medioambiental xa en organización anteriores, gañaron despois de ser rexeitadas en numerosas ocasións e ridiculizadas con referencias á súa idade avanzada. O grupo ten una media de 73 anos. [+Info](#)



Mobilización da Asociación Suíza de Mulleres Maires polo Clima

O **idadismo**, que é o como se denomina a discriminación por motivo de idade, provoca que en moitas ocasións as persoas maiores sexan desacreditadas, infantilizadas e silenciadas, o que lles acontece de xeito específico ás mulleres, pola intersección coa discriminación de xénero. A vellez é na nosa sociedade un tema tabú, un tempo ao que nos aterra chegar e, como tal, ten pouca presenza no espazo público. Porén o avellentamento da poboación en Occidente fai

que cada vez sexa máis urxente ter en conta as necesidades da terceira idade.

Para lograr una velez comfortable na que se manteña a independencia e á vez se teña compañía, cada vez máis persoas están desenvolvendo proxectos de *cohousing*: En Reino Unido, existe o proxecto [New Ground](#), una comunidade non mixta para mulleres que buscan evitar o paternalismo e o idadismo. En Estados Unidos, Vivian Gornick dirixe **THEA, The House for Elder Artists**. En Galicia, proxéctase a construción do [LarLilás](#). O cohousing xa chegou a España hai tres décadas, cando un grupo de mulleres fundou o [Residencial Santa Clara](#) en Málaga baixo o lema «autoxestiona o teu futuro».



Habitantes de New Ground

Tamén é importante nomear proxectos que poñen en valor o coñecemento e as experiencias das persoas anciás. Por exemplo, [El Mapa de las Huellas de las Mujeres y el Feminismo](#) é unha iniciativa de Zaida Fernández que rescata e visibiliza a memoria colectiva das mulleres a nivel local. Iníciase en Basauri e púxose en marcha despois en outros lugares. A nivel galego destacamos o traballo de [Pensatempos](#), que fomenta a participación comunitaria en Tameiga con accións ao redor da memoria, o territorio e o apoderamento cultural. Por último, e aínda que o proxecto xa non está en marcha, seguen dispoñibles en Youtube os vídeos de [Mulleres que contan](#), que preservan a memoria das mulleres anciás da vila de Mondariz.

Fotograma de *Que foi de Baby Jane?* (Joseph L. Mankiewicz, 1950)

Na ficción, case coma establecendo a versión envellecida dos arquetipos femininos da santa e a prostituta, a muller maior aparece coma una figura entrañable (a avoa) ou coma una persoa amargada e ciumenta (a madrastra). Desde contos clásicos coma Brancaneves, a envexa dirixida a mozas máis novas e con corpos máis normativos é un dos conflitos principais cando as mulleres maiores teñen protagonismo. Nalgúns filmes coma *Que foi de Baby Jane?* (Robert Aldrich, 1962), *Sunset Boulevard* (Billy Wilder, 1950) ou *Todo sobre Eva* (Joseph L. Mankiewicz, 1950) aproveitouse este tópicos para crear personaxes profundas, criticar a industria cinematográfica e reflexionar sobre a efemeridade da fama.



Nación (Margarita Ledo, 2020)

Falando de películas con protagonistas maiores, queremos recomendar *Fried Green Tomatoes*, un filme dirixido por Jon Avnet en 1987 que conta, por una parte, a historia da amizade Evelyn, una ama de casa de mediana idade, e Ninny, una anciá á que visita nua residencia, e pola outra, a relación entre dúas mulleres, Ruth e Idgie, durante a Gran Depresión.

En Galicia atopamos o protagonismo de mulleres maiores en curtametraxes coma *Mamasunción* (Chano Piñeiro, 1984) ou *Señora por favor* (Alma Alonso e María Aragón, 2023) e películas coma *O que arde* (Oliver Laxe, 2019), pola que Benedicta Sánchez recibiu o Goya a mellor actriz revelación. Tamén a memoria histórica está presente no cine galego, como vemos en *Nación* (Margarita Ledo, 2020).

Na Universidade de Vigo tamén existen accións específicas como o [Programa universitario de maiores](#), dispoñible nos tres campus para persoas a partir de 55 anos, que pretende facilitar o «desenvolvemento científico-cultural e promover a ciencia e a cultura nas persoas maiores, teñan ou non titulación, ao mesmo tempo que as relacións interxeracionais». Nesta modalidade existe un programa de formación intensivo e outro integrado.

No ano 2022 púxose en marcha a primeira [cátedra de Idadismo da Universidade de Vigo](#), promovida por Afaga e Atendo, que ten a vocación de «desaparecer» axiña por non ser xa necesaria.



Acto de gradación do Programa universitario de maiores do curso 2022/2023

RECURSOS

Revista *IgUALdad* núm. 24. (ES) [+Info](#)

Pílulas de vídeo #Mujeresencifras. (ES) [+Info](#)

Xénero e feminismo na Green European Foundation. (EN) [+Info](#)

Audiolibros para comezar a entender o feminismo. (ES) [+Info](#)

As que contan a ciencia: Nós e os nosos corpos (ES) [+Info](#)

Novo estudo: Impacto da pornografía na violencia sexual. (ES) [+Info](#)

Desconecta de tu exparja. Guía para previr ou mitigar posibles Violencias Machistas Dixitais. (ES) [+Info](#)

Recollida de sinaturas polo dereito ao aborto. (EN) [+Info](#)

Podes petar nas portas e ventás da universidade, pero a ninguén lle vai importar: como as universidades o silencio en rede ao redor da violencia con motivo de xénero. (EN) [+Info](#)

Podcast *Feminist Futures* de CCINDLE. (EN) [+Info](#)

Os dereitos das temporeiras de Huelva centran a nova campaña do Instituto das Mulleres. (ES) [+Info](#)

Inclúe a actualización da *Guía de Recursos para la atención y asesoramiento a las trabajadoras migrantes en el contexto de la fresa y otros frutos rojos de Huelva* e outros materiais como infografías e vídeos.

Plataforma por un emprego de fogar e coidados con plenos dereitos de Madrid. (ES) [+Info](#)

Novidades en materia de igualdade laboral. (ES) [+Info](#)

As IA xeradoras de imaxes adoitan ter resultados racistas e sexistas: pódense arranxar? (ES) [+Info](#)

Desafiando prexuízos sistémicos: unha investigación sobre o nesgo contra as mulleres e nenas en grandes modelos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Protocolo común de actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e a adolescencia (2023) (ES) [+Info](#)

Muller e universidade: Que factores inflúen na elección dos seus estudos? (ES) [+Info](#)

Os efectos da IA na vida laboral das mulleres. (ES) [+Info](#)

Unha avaliación mundial sobre a protección das mulleres e as nenas fronte ao ciberacoso. (ES) [+Info](#)

Cómics feministas do 2023 (ES) [+Info](#)

- *Patos*, Kate Beaton (Norma). [+Info](#)

- *Roaming*, Killian Tamaki e Mariko Tamaki (La Cúpula). [+Info](#)

- *La espera*, Keum Suk Gendry-Kim (Reservoir Books). [+Info](#)

- *La maldición de la sal*, Hope Larson e Rebecca Mock (Roca Editorial). [+Info](#)

- *Mujer vida libertad*, antoloxía coordinada por Marjane Satrapi (Reservoir Books). [+Info](#)

- *Alison*, Lizzi Steward (Errata Naturae). [+Info](#)

Presentación do Estudo de Xénero en Empredemento de I+D+I. (ES) [+Info](#)

A elección de carreira e o seu impacto nas fendas de xénero no mercado laboral. (EN) [+Info](#)

iQual. Revista de Xénero e Igualdade Num. 7. (ES) [+Info](#)

Vídeo da xornada «O impacto da IA no emprego e a fenda retributiva entre mulleres e homes». (ES) [+Info](#)

SomosLasFP- Documentación sobre as mulleres en estudos STEAM. (ES) [+Info](#)

Mulleres en streaming (ES) [+Info](#)

O impacto da violencia de xénero en España: unha valoración dos seus costes en 2016. (ES) [+Info](#)

As imaxes en liña amplifican o nesgo de xénero. (ES) [+Info](#)

Las rapadas, María Rosón. Libro completo. (ES) [+Info](#)

15 principios para unha divulgación científica inclusiva. (ES) [+Info](#)

Diferenzas de sexo no rol de mediación da mobilización política entre a busca do status e a asunción de riscos en adolescentes. (EN) [+Info](#)

Un estudo sobre a identificación da identidade xuvenil desde unha perspectiva de xénero na linguaxe de moda na rede: unha análise crítica do discurso. (EN) [+Info](#)

A visualidade específica de mulleres do sur global nos medios do norte global. (EN) [+Info](#)

O poder de internet: desde a perspectiva do poder de negociación das mulleres. (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI



O reitor e a directora da Unidade de Igualdade con representantes dos tres centros recoñecidos co Distintivo de Igualdade no centro, Concepción Paz (Cintecx), Araceli González Crespán, (Facultade de Comercio) e Vicente Badenes (Facultade de Comunicación)

Cintecx, Comunicación e Comercio, tres novos exemplos dunha universidade máis xusta, igualitaria e excelente [+Info](#)

Melloran as cifras de liderado feminino, tanto nos cargos directivos clásicos como nos novos activos dixitais [+Info](#)

A violencia sexual desde unha perspectiva de xénero centra un ciclo de conferencias na Facultade de Educación e Traballo Social [+Info](#)

Unha exposición reivindica no campus as «mulleres diversas e belezas sen filtros» [+Info](#)

Catro fotografías para reivindicar a muller actual e a igualdade [+Info](#)

NOVAS

Selos de igualdade para Cintecx, Comercio e Comunicación (ES) [+Info](#)

A eurocámara aproba a primeira gran lei contra a violencia machista (ES) [+Info](#)

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

O parlamento aproba a primeira normativa europea contra a violencia de xénero (ES) [+Info](#)

Arrinca a recollida de sinaturas de *Mi voz, mi decisión*, para blindar o acceso ao aborto en Europa (ES) [+Info](#)

«Que, outra para o teu harén?» Sete actrices solicitan sumarse á denuncia contra o dramaturgo Ramón Paso por agresións sexuais (ES) [+Info](#)

A presenza de mulleres nos consellos de administración aumenta ata o 40 % (ES) [+Info](#)

Mario Marzo e Tote Fernández: dous tíos brancos heteros saen do armario do machismo en RTVE Play (ES) [+Info](#)

O goberno Meloni aplana o terreo aos antiabortistas (ES) [+Info](#)

As mulleres nunca son menores (ES) [+Info](#)

A UVigo lanza o cuarto volumen do catálogo *Quero ser investigadora* (GAL) [+Info](#)

Mulleres á fronte dende o sur global (GAL) [+Info](#)

Sophie Lewis: «Abolir a familia non trata de separar a xente, senón de unila» (ES) [+Info](#)

Ata Biden se escandaliza: o salario de Caitlin Clark será o 0,7 % do seu equivalente masculino (ES) [+Info](#)

O fútbol brasileiro protesta pola volta do adestrador Kleiton Lima, denunciado por acoso sexual (ES) [+Info](#)

A metade dos agresores sexuais de nenas e adolescentes son familiares ou persoas da contorna máis próxima (ES) [+Info](#)

O avance dos dereitos das mulleres do mundo tópase co racismo e a desigualdade (ES) [+Info](#)

Alemaña vence a España en mimar o talento masculino, pero non o das mulleres (ES) [+Info](#)

Un estudo do ISCIII identifica as barreiras para loitar contra a violencia de xénero que afecta a mulleres adolescentes e novas (ES) [+Info](#)

Irantzu Varela: «É moito máis gozoso un espazo sen homes» (ES) [+Info](#)

As estratexias feministas das mulleres de Guinea Ecuatorial fronte ao patriarcado (ES) [+Info](#)

28 de marzo: un recordo de Virginia Woolf (ES) [+Info](#)

Shefaa Al-Masrii: «As mulleres palestinas son a fonte de forza e poder da resistencia» (GAL) [+Info](#)

Faltan as presas: mulleres nos carceres e feminismo anticarcerario (ES) [+Info](#)

Alicia Puleo: «O ecofeminismo recórdanos a axuda mutua da natureza, que a vida boa é solidariedade» (ES) [+Info](#)

As señoras suízas que gañaron en Estrasburgo a súa loita polo clima: «Ridiculizábannos, diciannos que fósemos tecer» (ES) [+Info](#)

Morre aos 85 anos Trina Robbins, a gran pioneira do feminismo no cómic (ES) [+Info](#)

«All male panels»: cando din que non atopan expertas (ES) [+Info](#)

Mulleres iemenís convértense en reparadoras de móbiles para frear a «sextorsión» (ES) [+Info](#)

Como se regula o ciclo menstrual: a ciencia apunta a un reloxo interno do organismo e atenúa a influencia das fases lunares (ES) [+Info](#)

O Tribunal Constitucional avalará a retirada da custodia aos maltratadores (ES) [+Info](#)

Unha campaña viral que simula a dor da regra con estímulos eléctricos axita o debate da baixa menstrual en Francia (ES) [+Info](#)

DATOS

Informe Global de Fenda de Xénero 2023 [+Info](#)

Observatorio de Igualdade da UVigo 2023 [+Info](#)

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2023 [+Info](#)

Boletín Estatístico Mensual da Deleg. de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

Recursos contra as violencias machistas da UVigo [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. [Ano 2024](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [Ano 2024](#)

Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2024](#)

Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)